

2- Que son os Fondos Europeos?

"Fondos europeos: construíndo oportunidades para Galicia"

Os **Fondos Europeos** son instrumentos financeiros que emprega a Unión Europea (UE) para **reducir as diferenzas entre rexións**, mellorar a calidade de vida das persoas e apoiar proxectos que axuden a construír unha Europa máis sostible, dixital, xusta e cohesionada.

Esta finalidade está recollida no artigo 174 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE).

[...] Co fin de promover un desenvolvemento harmonioso do conxunto da Unión, esta desenvolverá e proseguirá a súa acción encamiñada a reforzar a súa cohesión económica, social e territorial. A Unión proporase, en particular, reducir as diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das diversas rexións e o atraso das rexións menos favorecidas. Entre as rexións afectadas prestarase especial atención ás zonas rurais, ás zonas en transición industrial e ás rexións que padecen desvantaxes naturais ou demográficas graves e permanentes [...]




EXERCICIO

Cal é o nivel de renda que ten Galicia con referencia á media europea? Cal é a tendencia nestes últimos anos?

2.1 Tipos de Fondos Europeos

Cada fondo ten unha finalidade específica e un marco de actuación propio. Nas seguintes liñas enumeraremos os principais fondos europeos e o seu porqué.



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER):

Axuda a reducir as desigualdades entre rexións, financiando proxectos de infraestruturas, innovación, medio ambiente e competitividade empresarial.

Fondo Social Europeo Plus (FSE+):

Inviste en capital humano, promovendo o emprego, a formación, a inclusión social, a igualdade e a mellora de oportunidades laborais, con especial atención ás mulleres e á mocidade.

FEADER:

Está dirixido a mellorar un desenvolvemento territorial equilibrado en zonas rurais. Financia proxectos para modernizar a agricultura e gandería, mellorar infraestruturas e potenciar a conservación do medio ambiente.

FEMPA:

É un instrumento financeiro da Unión Europea creado para apoiar as políticas relacionadas coa pesca e a acuicultura e o desenvolvemento das comunidades costeiras, promovendo a conservación dos recursos mariños.

Fondo de Cooperación Territorial Europea:

Apoia proxectos conxuntos entre rexións de distintos países.

En Galicia serve para impulsar iniciativas transfronteirizas con Portugal, mellorando a mobilidade, o desenvolvemento económico e a protección do territorio compartido.

O Fondo de Transición Xusta:

É un instrumento deseñado para apoiar as rexións máis afectadas polas restricións derivadas da transición cara a unha economía neutra en carbono.


Proporciona fondos para diversificar e modernizar a economía local, promover novas actividades sostibles e mitigar o impacto negativo no emprego e no tecido social.

Erasmus e outros fondos educativos:

Teñen como obxectivo fomentar a mobilidade para a aprendizaxe e a cooperación entre institucións educativas, e derivan nunha maior cohesión social entre a cidadanía da Unión.

EXERCICIO

Bota un ollo dando un paseo preto da túa casa e fíxate... seguro que hai un cartel coa bandeira da Unión Europea onde explica unha actividade financiada con fondos europeos. Tiralle unha foto ao cartel e investiga sobre o tipo de proxecto de que se trata. Logo na clase fai unha exposición sobre como se empregaron os fondos europeos. Sabías que estes fondos estaban tan preto de ti?



2.2 Obxectivos Políticos de inversión 2021-27


Para o período 2021–2027 a Unión Europea estableceu cinco grandes obxectivos de política de cohesión para ter unha Europa máis: **intelixente, verde, conectada, social e próxima á cidadanía**.

- **Máis intelixente:** co apoio a universidades, centros tecnolóxicos e pemes innovadoras e a través da dixitalización e a mellora da conectividade 5G.
- **Máis verde:** mediante enerxías renovables, a mellora da eficiencia enerxética en vivenda e industria, potenciando a economía circular, mellorando a prevención de incendios e a adaptación climática.
- **Máis conectada:** potenciando o tren, os portos, a mobilidade sostible e coa ampliación da rede de fibra nas aldeas.
- **Máis social:** axudando a potenciar a creación de emprego de calidade, a formación profesional (FP), a igualdade, a saúde mental, a inclusión, a vivenda...
- **Máis próxima:** co apoio a entidades locais, á veciñanza e aos barrios.



2.3 Impacto dos Fondos Europeos en Galicia

O emprego dos Fondos Europeos transformou Galicia nunha rexión máis competitiva, sostible e inclusiva. Mellorou a vida da cidadanía e aumentou o seu nivel de renda e benestar.



EXERCICIO

Sabías que desde a entrada de España na Unión Europea, no ano 1986, lévanse investidos en Galicia máis de 32.000 millóns de euros a través dos distintos fondos e axudas? Investiga sobre os Orzamentos xerais de Galicia para este exercicio. Que tanto por cento corresponde a transferencias dos distintos Fondos Europeos?


2.4 Exemplos de onde se investiron eses cartos

- Desenvolvemento económico e innovación

- Apoio ás pemes galegas para ser máis competitivas e ós centros de investigación.
- Exemplos:
 - » Proxectos de especialización intelixente en sectores como o naval e biotecnoloxía.


- Transición verde e sostibilidade

- Financiación de enerxías renovables e de proxectos de eficiencia enerxética.
- Exemplos:
 - » Parques eólicos.
 - » Rehabilitación enerxética de vivendas e de edificios públicos.
 - » Programas de prevención de incendios forestais.



- Infraestruturas e conectividade

- Melloras en transporte e comunicación dixital.
- Exemplos:
 - » Modernización da liña ferroviaria do AVE a Galicia.
 - » Implantación de redes 5G en zonas rurais.
 - » Ampliación da rede de fibra.
 - » Creación de estacións multimodais nas principais cidades galegas (Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña...).



- Cohesión social e emprego

- Programas para emprego, formación e inclusión.
- Exemplos:
 - » Formación para persoas desempregadas.
 - » Axudas á contratación de persoas en risco de exclusión.
 - » Proxectos de conciliación da vida familiar, laboral e persoal e igualdade de xénero.

- Participación cidadá e desenvolvemento local

- Apoio a iniciativas locais e revitalización urbana e rural.
- Exemplos:
 - » Programas LEADER en comarcas rurais para turismo e artesanía.
 - » Proxectos de rehabilitación de centros históricos.
 - » Iniciativas de participación cidadá en proxectos culturais.



2.5. Como se participa nun proxecto financiado pola UE?

Unha gran parte dos proxectos de fondos europeos xestiónanse na modalidade de xestión compartida, é dicir, que a Xunta de Galicia é a que a través de convocatorias de axudas ou de anuncios de concursos para contratos, a que convoca, coordina e xestiona os fondos europeos, no marco de programas plurianuais, como por exemplo o Programa Feder Galicia 2021-2027 ou o Programa FSE+ Galicia 2021-2027, entre outros.

Neste caso haberá que prestar atención sobre todo ás convocatorias do Diario Oficial de Galicia (DOG), onde as diferentes consellerías anuncian as axudas dos diferentes departamentos xestores de fondos europeos. Un exemplo destas convocatorias poderían ser as referentes a realizar un doutoramento nas universidades galegas.

Para a maior parte dos proxectos de xestión directa, é dicir, que É A PROPIA Comisión Europea quen convoca e resolve directamente, os principais pasos a seguir serían:

2.5.1 Buscar unha convocatoria aberta

Cada fondo europeo publica convocatorias nas que explica quen pode participar, canto diñeiro hai dispoñible e para que tipo de proxectos.



2.5.2. Ler os requisitos

É fundamental entender quen pode ser beneficiaria (persoa física, entidade, empresa...) e comprobar se cumpren os requisitos de persoa/entidade beneficiaria, que documentación é precisa, que gastos son subvencionables ou cal é o prazo de presentación, entre outras cuestións.

2.5.3. Presentar un proxecto

O proxecto debe incluír:

- Un obxectivo claro (por exemplo, mellorar un espazo natural, crear unha app educativa, renovar un edificio público).
- Un plan de actividades.
- Un orzamento realista.
- Un impacto positivo medible.

2.5.4 Executar e xustificar o proxecto

No caso de recibir a axuda, hai que demostrar que o diñeiro se investiu correctamente: facturas, informes, fotografías, avaliacións etc.



2.5.5. Webs útiles para coñecer convocatorias e fondos europeos (Galicia e UE)

A nivel Galicia:

- Fondos Europeos en Galicia (Xunta)
<https://fondoseuropeos.xunta.gal>
- Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)
<https://agader.xunta.gal>
- Galicia – Programas de Cooperación Transfronteiriza (POCTEP)
<https://www.poctep.eu>

A nivel España:

- Portal oficial de Fondos Europeos do Goberno de España
<https://www.fondoseuropeos.gob.es>
- Red.es (proxectos dixitais)
<https://www.red.es>

A nivel da Unión Europea:

- Funding & Tenders Portal (todas as convocatorias da UE)
<https://funding-tenders.europa.eu>
- InfoRegio (política de cohesión)
https://www.ec.europa.eu/regional_policy
- Erasmus+ (educación, mocidade, intercambios)
<https://erasmus-plus.ec.europa.eu>